

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA
(Expte: 1327/2025)

CONSIDERANDO a Orde de 23 de outubro de 2020 (Dog nº 219 de 30 de outubro) da VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, TURISMO E XUSTIZA pola que se determinan os horarios de apertura e peche de espectáculos e establecementos abertos ao público e de inicio e remate dos espectáculos públicos e das actividades recreativas na Comunidade Autónoma de Galicia (artigo 5).

CONSIDERANDO que de acordo coa normativa vixente, nomeadamente a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, compete á Administración Municipal autorizar as ampliacións ou reducións sobre o horario xeral, en atención a criterios, supostos e circunstancias excepcionais.

CONSIDERANDO que so abeiro do disposto no artigo 5.f) da Lei 10/2017, do 27 de decembro, os concellos poderán ampliar para todo o seu termo municipal ou para zonas concretas deste os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público, así como de finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, durante a celebración das festas e verbenas populares, da Festa da empanada en Bandeira (Do 22 ó 24 de agosto de 2025, ambos incluídos), facendo compatible, en todo caso, o seu desenvolvemento coa aplicación das normas vixentes en materia de contaminación acústica.

Polo exposto, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Ampliar en dúas horas o horario de peche ordinario dos locais de hostalería de Bandeira (Manduas) do Concello de Silleda sobre os horarios límite de peche (Orde de 23 de outubro de 2020-DOG nº 219 de 30 de outubro) entre os días 22 e 24 de agosto de 2025, ámbolos dous incluídos.

SEGUNDO.- Dar publicidade deste acordo con anuncio no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal así como na páxina web deste Concello.

TERCEIRO.- Comunicar o presente acordo á Xefatura da Policía Local de Silleda para a súa constancia.

CUARTO.- Dar traslado da presente resolución aos distintos servizos administrativos da Corporación, e dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre en cumprimento do disposto no art. 42 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

En Silleda, na data da sinatura electrónica.

A Alcaldesa
Paula M.^a Fernández Pena

A Secretaria
Déborah García Suárez

